

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Medicina

[Doenza de cabalos e bestas] O piaño

O piaño facíase en Sampaio, concello de Samos (Lugo) ata, polo menos, mediados do século XX.

O piaño, procedemento para tirar o formigo dos pés de cabalos e bestas, consistía en levar o animal co pezuño enfermo a un prado. Mentres unha persoa terma del outra di, ao tempo que fai cortes en círculo no terreo que rodea a pata mala:

—Por que corto?

—Por piaña (di o que suxeita)

—*Piaña, piañón*

pasa desta pata

a este torrón.

Daquela córtase o cacho de terra coa herba que rodea a pata e ponse ao sol no teito da casa do propietario do animal —no tellado ou no curuto dun caseto—.

Cando seca o torrón, o mal da pata cúrase; se non seca, é que non curou.